

TRABALLO 5ºEP (SEMANA 30 DE MARZO - 3 DE ABRIL)

MATEMÁTICAS: páx.123 (Representar pictogramas) leer e fixarse no exemplo para logo facer o ex.1.

Facer tamén o ex. 2 desa páxina 123

Repaso acumulativo (páx. 121): ex. 6,7,10 e 11

*Para practicar exercicios, podedes acceder á páxina web: mundoprimary.com e no apartado de "juegos" vades a Matemáticas e podedes encontrar xogos de diferentes temas que xa estudiamos. (**nesa mesma páxina web, tamén podedes encontrar xogos de outras asignaturas**)

L.GALEGA: páxs.119 (**VOCABULARIO: O RELEVO**. Escribir na libreta o recadro laranxa: "**familia de palabras**" e logo facer os ex. 1,2,3 e 4) Ademais, escribir outra familia de palabras, que conteña catro palabras.

Repaso: lectura do texto que está ao final do documento e contestar as preguntas. (na libreta só hai que copiar as preguntas e as respostas)

L.CASTELÁ: páxs.115(**VOCABULARIO: PALABRAS DERIVADAS Y PRIMITIVAS**. Escribir na libreta o recadro laranxa e logo facer os ex. 1,2,3,4 e 5)

Repaso: : lectura do texto que está ao final do documento e contestar as preguntas. (na libreta só hai que copiar as preguntas e as respostas)

C.SOCIAIS: lectura das páxs. 56-57 e facer esquema.

C.DA NATUREZA: páx. 68 (ex. 10) e páx. 69 (ex. 13)

* **Experimento:** regar frecuentemente e coidar a nosa planta, para dentro duns días ver como vai saíndo e medrando.

Nota: Distribuír o traballo por días, e que todos os días lle dediquen tempo a lectura, como mínimo 30 minutos como facemos no colexio.

Un saúdo, ánimo e paciencia.

❖ LECTURA LINGUA GALEGA

A PESAR DA MELLORA E AMPLIACIÓN DOS MEDIOS DE EXTINCIÓN, O NÚMERO DE INCENDIOS MEDRA CADA ANO

Aínda que a natureza conta cos seus propios mecanismos para se recuperar tras a acción do lume, a intensidade e repetición dos incendios están afectando os bosques e mais a fauna, que poden necesitar ata 120 anos para recuperarse, e iso se non quedan afectados para sempre. O lume reiterado diminúe a capacidade da vexetación de volver a aparecer no terreo, e os animais que non morresen migran a outras zonas. A erosión, pola súa banda, xera solos cada vez menos produtivos e máis áridos, e increméntase o risco de secas. Consellos para previr un incendio forestal e sobre como actuar no caso de atopármonos fronte a un lume xa declarado:

- Non prender lume no monte en épocas de risco (maiosetembro). O resto do ano, só en lugares acondicionados para facelo.
- Non botar tabaco nin lixo no chan.
- De se producir un incendio, chamar aos servizos de extinción, ao 112.
- Non participar na extinción se non se está cualificado.
- Se o incendio está empezando, pódese intentar apagalo botándolle auga ou terra á base das lapas ou eliminando a vexetación de arredor para que non se propague.
- Para afastarse do incendio, o ideal é ir contra o vento sen correr, e cubrindo as vías respiratorias cunha tea húmida.

Contesta as seguintes preguntas sobre a lectura anterior:

- 1) Canto tempo poden tardar a vexetación e a fauna en se recuperar despois dun incendio?
- 2) Que pode pasar se se repiten os incendios?
- 3) Que é a erosión? Que consecuencias ten?
- 4) Resume, por separado, os consellos para previr un incendio forestal e para actuar fronte a un lume.
- 5) Escribe un slogan para evitar os incendios forestais.

❖ LECTURA LINGUA CASTELÁ

En muchas regiones del planeta conviven personas de varias culturas diferentes. Esta situación supone un gran reto para la sociedad actual. A lo largo de la historia se ha demostrado que el diálogo entre culturas ha traído numerosos beneficios. Se han intercambiando nuevos estilos de vida, así como ideas y pensamientos que contribuyen al progreso. Por ejemplo, la cultura romana aportó un idioma, un modo de hacer leyes y conocimientos de arquitectura. Por otra parte, la convivencia entre culturas puede tener algunas dificultades. Hay personas que ven en esta situación una amenaza, ya que tienen miedo de que sus costumbres se pierdan o, si son una minoría, que no se respeten. Existen ejemplos muy tristes de este conflicto como la falta de comprensión, la discriminación o la inadaptación. Por estos motivos, es necesario partir del respeto mutuo. También es importante promover el diálogo entre personas de diferentes culturas, basado en los valores positivos que cada una de ellas puede aportar.

Contesta a las siguientes preguntas sobre la lectura:

1. La historia ha demostrado que el intercambio de culturas ¿es beneficioso o perjudicial?
2. ¿Qué motivos hacen que a veces surjan conflictos entre culturas?
3. ¿Qué dos valores son importantes llevar a cabo para remediar posibles dificultades entre distintas culturas?
4. ¿Qué ejemplo hay en la lectura de beneficios de intercambio de culturas?
5. ¿Se te ocurre a ti otro ejemplo de intercambio de cultura a lo largo de la historia o actual?
6. ¿Piensas que algunos países han mejorado positivamente a nivel deportivo, por el intercambio cultural? Razona la respuesta.
7. ¿Te gustaría tener amigos de distinta nacionalidad? ¿Qué podrían aportarte?
8. ¿Qué título le pondrías a la lectura?